



O PSdeG vilalbés denuncia irregularidades nas licenzas de primeira ocupación da urbanización Os Olivos

A licenza para unha vivenda na parcela propiedade do primeiro tenente de alcalde foi concedida en xunta de goberno coa presenza e voto favorable do propio edil, que tería que inhibirse, como marca a lexislación vixente, por tratarse dunha decisión que influía nos seus intereses particulares

O grupo municipal socialista de Vilalba denuncia irregularidades na concesión de licenzas de primeira ocupación da urbanización Os Olivos. En concreto, a licenza de primeira ocupación solicitada pola empresa Propegón S.L. para a vivenda da parcela F-17, propiedade do primeiro tenente de alcalde, foi concedida en xunta de goberno coa presenza e o voto favorable do propio edil. "O concelleiro do Grupo Popular non só non se inhibiu, como marca a lexislación oportuna, á hora de tratar o asunto, senón que votou a favor do seu propio interese", denuncian os socialistas.

Na comisión de urbanismo do 17 de xullo, refire o PSdeG, foi levada pola empresa Propegón S.L a solicitude de primeira ocupación da vivenda unifamiliar da parcela F-17. Daquela, os socialistas interesáronse polos viales públicos existentes, pola propiedade dunha das parcelas e pola coincidencia de que nesa urbanización tivera mercado un chalé o primeiro tenente de alcalde alí presente, ao que o Sr. Alcalde respondeu que iso era unha cuestión estritamente particular e que non tiña cabida nesa comisión.

Con posterioridade, o grupo municipal socialista soubo que dende o mes de xullo de 2010, dita finca xa era propiedade do Primeiro Tenente de Alcalde, do que se deduce que este, no momento en que o asunto foi tratado na comisión, debeu de informar a esta do seu interese particular, e ausentarse, ou cando menos inhibirse, no momento de tratar o asunto. Ao igual que debeu de acontecer na reunión posterior da xunta de goberno local na que se concedeu a licenza solicitada pola empresa.

Este feito "vén agravar o xa denunciado da titularidade pública dos viales desa urbanización", manteñen os socialistas, en relación a viales públicos que foron introducidos na urbanización de forma irregular para uso privado. "O concelleiro popular, en vez de defender a titularidade pública dos viales de comunicación, apostou no seu momento polos seus propios intereses ao participar no proceso de apropiación de tales viales coa intención de facelos de uso privativo", asegura o PSdeG, que xa ten denunciado esta circunstancia.

"Son feitos -conclúen os socialistas- que por si mesmos, e sempre coa debida complicidade do Sr. Alcalde, demostran con claridade o uso que en beneficio particular fai do seu cargo no Goberno Municipal o tenente de alcalde don Julio Vázquez Otero".

Para declaracións Luís Fernández Álvarez. 649473180

Vilalba, 4 de xaneiro de 2012